

## TALLER COCIÑA PHOSKITOS E TIGRETÓNS

### Descrición:

Neste taller atoparás un lugar onde aprender e experimentar na cociña, divertíndote e compartindo momentos e experiencias, elaborando de maneira artesana este tipo de pasteis.

*Datas de realización:* xoves, 21 de maio

*Horario:* de 19:00 a 21:30h.

*Duración:* 2,5 horas

*Lugar de realización:* Local de Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* 10 €

## TALLER APRENDER A TECER CON CALCETA

### Descrición:

Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica da calceta, para confeccionar as túas propias prendas con lá.

*Datas de realización:* 12,19 e 26 de marzo

*Horario:* Xoves de 17:00 a 18:30 h.

*Duración:* 4,5 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

## TALLER GANCHILLO

### Descrición:

Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica do ganchillo, para confeccionar un práctico moedeiro.

*Datas de realización:* 15 e 16 de abril

*Horario:* de 17:00 a 18:30 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

## TALLER TRAPILLO

### Descrición:

Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica do trapillo, para confeccionar un bolso.

*Datas de realización:* 6 e 7 de maio

*Horario:* de 17:00 a 18:30 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

## TALLER DE REALIZACIÓN DUN ORGANIZADOR COA TÉCNICA DO SCRAPBOOKING

### Descrición:

O taller consistirá na confección dun organizador de forma orixinal e creativa empregando a técnica do scrapbooking e utilizando diversos materiais como selos, papeis, telas, pegatinas, troqueis, etc.

*Datas de realización:* Martes e mércores , 24 e 25 de marzo

*Horario:* de 17:00 a 20:00 h.

*Duración:* 6 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

Nesta actividade proporcionarase parte do material. O material que debe achegar o participante comunicaráselle no momento da súa admisión.

## TALLER "LOVE COACHING"

### Descrición:

Con esta actividade preténdese traballar as relacións afectivas . Verás, escoitarás e sentirás o que nos atrae doutra persoa, descubrirás a importancia e o poder da comunicación non verbal e que é o que realmente desexas dunha parella.

*Datas de realización:* martes, 28 de abril

*Horario:* de 17:00 a 20:00 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 18 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

## OBRAIDROIRO INTRODUCCIÓN AO TRABALLO CO COIRO

### Descrición:

Con esta actividade preténdese traballar esta técnica de artesanía elaborando unhas pezas básicas con este material.

*Datas de realización:* martes, 7,14 e 21 de abril

*Horario:* de 17:00 a 20:30 h.

*Duración:* 10 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

*Para participar en todas as actividades, terán prioridade aquelas persoas empadroadas no Concello de Santiago, non obstante no caso de quedar vacantes, poderanse atender outras solicitudes.*

*Máis información na:*

Concellería de Xuventude  
CSC e Xuvenil Municipal O Ensanche  
Frei Rosendo Salvado 14-16 Baixo  
15701 Santiago de Compostela  
Tlfn: 981 543 001/ Fax: 981 543 002  
dptoxuventude@santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO  
Concellería de Xuventude

xuventude  
Sociedade en acción

## Programa de actividades da Concellería de Xuventude



## ACTIVIDADES FORMATIVAS DA CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

### FEBREIRO-XULLO 2015

A Concellería de Xuventude do Concello de Santiago pon a disposición dos mozos e mozas da cidade unha serie de actividades formativas para atender aos seus intereses e motivacións, impartindo os seguintes cursos con diferentes temáticas, en colaboración con profesionais e colectivos locais especializados nos distintos sectores ofertados

#### CURSO LINGUA DE SIGNOS NIVEL BÁSICO

*Descrición:*

A lingua de signos danos a oportunidade de comunicarnos coas persoas xordas e xordoegas do noso contorno social e tamén de ampliar a nosa formación e abrir a porta a novas expectativas profesionais, grazas ao coñecemento dunha lingua oficial no ámbito estatal recoñecida dende o ano 2007.

Con este curso poderás aprender coñecementos básicos da lingua de signos nun contexto ameno, cunha metodoloxía baseada na participación activa e cooperativa, a través de dinámicas grupais, xogos de roles e tendo en conta que ti es o protagonista do teu propio proceso de aprendizaxe.

*Datas de realización:* luns e mércores, do 2 de marzo ao 27 de abril

*Horario:* de 17:00 a 19:00 h.

*Duración:* 30 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* 15 €

#### CURSO LINGUA DE SIGNOS NIVEL AVANZADO

*Descrición:*

Como continuación ao curso anterior, propoñemos unha actividade que perfeccionará a adquisición das noicións básicas da lingua de signos co obxectivo de profundar nesta temática para adquirir unha serie de destrezas e uns maiores coñecementos nesta lingua.

*Datas de realización:* luns e mércores, do 4 de maio ao 22 de xuño

*Horario:* de 17:00 a 19:00 h.

*Duración:* 30 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* 15 €

#### CURSO CONVERSA EN INGLÉS. NIVEL BÁSICO

*Descrición:*

Trátase de aproximar a un grupo de mozos e mozas á lingua inglesa, partindo dun nivel básico de coñecemento desta lingua. Procurarase que adquiren vocabulario, recursos orais, e soltura.

*Datas de realización:* mércores, do 4 de marzo ao 17 de xuño

*Horario:* de 17:00 a 19:00 h.

*Duración:* 30 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### CURSO CONVERSA EN INGLÉS. NIVEL AVANZADO

*Descrición:*

Trátase de dar a oportunidade a un grupo de mozos e mozas con certo nivel de inglés de practicar e perfeccionar o dominio desa lingua.

*Datas de realización:* mércores do 4 de marzo ao 17 de xuño

*Horario:* de 19:00 a 21:00 h.

*Duración:* 30 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### CURSO “PERSONAL BRANDING” ( Crea a túa marca persoal)

*Descrición:*

Crear a nosa propia marca persoal é unha forma de autopromoción a través da percepción que os demais teñen de nós. Nunha sociedade onde a formación, a experiencia e as aspiracións son similares, debemos diferenciarnos e amosarnos dun modo particular. Aí é onde entra a marca persoal, recoñecer a nosa excelencia persoal vai permitirnos causar unha impresión duradeira entre os demais, asociando á nosa persoa unha definición concreta do que podemos ofrecer e entregar.

*Datas de realización:* 12, 19 e 26 de marzo

*Horario:* xoves de 16:30 a 20:30 h.

*Duración:* 14 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, a partir de 16 anos

*Prezo:* de balde

#### CURSO “COMUNICACIÓN LABORAL E PROFESIONAL”

*Descrición:*

A comunicación é unha actividade diaria que todas as persoas realizamos, sendo igual de importante nas nosas relacións persoais como laborais. O feito de podelas realizar de forma fluída e concreta, xa sexa cos nosos mandos superiores, con clientes ou con posibles contratadores, vains permitir un óptimo feedback informativo, e por descontado un maior beneficio laboral/profesional. Por todo iso precisamos dos diferentes niveis e elementos que interveñen nos procesos de comunicación.

*Datas de realización:* 9,16 e 23 de abril

*Horario:* xoves de 16:30 a 20:30 h.

*Duración:* 12 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, a partir de 16 anos

*Prezo:* de balde

#### CURSO MONITOR DE TEMPO LIBRE

*Descrición:*

Curso Oficial que capacita aos participantes para ser monitores de tempo libre, requisito indispensable á hora de levar a cabo actividades de lecer e tempo libre, de realizar campamentos ou accións socioculturais e formativas.

Os contidos teóricos do curso divídense nos seguintes bloques temáticos:

- 1.- Bases psicociolóxicas da educación no tempo libre
- 2.- Bases pedagóxicas da educación no tempo libre
- 3.- Área de animación: técnicas e recursos do monitor de tempo libre
- 4.- Lexislación vixente para actividades de tempo libre

Ademais esta actividade supón a realización de 150 horas prácticas que se poden realizar nas diferentes asociacións e entidades que cumpran os requisitos axeitados.

*Datas de realización:* 15, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 25, 26 de xuño e 18, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 29 e 30 de xullo

*Horario:* de luns a sábado de 9:00 a 14:00 h. e de 16:30 a 21:30 h.

*Duración:* 350 horas (200 horas teóricas e 150 horas prácticas)

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche / Centro Xuvenil Don Bosco

*Destinatarios:* mozos e mozas, a partir de 18 anos

*Prezo:* 170 € para empadroados e 270 € para non empadroados

#### CURSO INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA

*Descrición:*

Con esta actividade preténdese impartir unha serie de coñecementos básicos para á iniciación á fotografía dixital.

*Datas de realización:* venres e sábados 10, 11, 24 e 25 de abril

*Horario:* venres de 17:00 a 21:00 e sábados de 10:30 a 13:30 h.

*Duración:* 14 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 anos a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### CURSO FOTOGRAFÍA PARA VIAXAR

*Descrición:*

Neste curso, as persoas afeccionadas á fotografía aprenderán os trucos e técnicas para a realización dunhas boas fotografías de viaxe, o que permitirá aos asistentes gozar máis da fotografía cando realicen as súas viaxes.

*Datas de realización:* venres e sábados 22, 23, 29 e 30 de maio

*Horario:* venres de 17:00 a 21:00 e sábados de 10,30 a 13,30 h.

*Duración:* 14 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### TALLER COCIÑA HAMBURGUESAS E HOT DOGS GOURMET

*Descrición:*

Nesta actividade aprenderás a elaborar distintas hamburguesas e hot dogs, dende os diferentes panecillos artesáns, a elaboración da hamburguesa ou da salchicha, os ingredientes que se poden engadir, ata as salsas coas que aliñalas. Finalmente degustaremos as diferentes creacións.

*Datas de realización:* xoves, 23 de abril

*Horario:* de 19:00 a 21:30 h.

*Duración:* 2,5 horas

*Lugar de realización:* Local de Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 16 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* 10 €